

**UNIDADE DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO**  
**MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO**

# **MEMORIA DE ACTIVIDADES**


**2001-2004**





Unidade de Promoción e Desenvolvemento  
Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2001-2004



**Unidade de Promoción e Desenvolvemento da  
Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo**

**Directora**

Zara Pousa Arbones

**Equipo técnico**

Blanca González De La Cuesta

Silvana Martínez Rodríguez

Isabel Pérez Núñez

Belén Piñeiro Alvarez

F. Gabriel Quintáns Ríos

Susana Rivadulla López

**Persoal de apoio**

Pilar Barreiro Magdalena

África Marchante Perez

Cristina Lago Martínez

Leopoldo A. Pereira Rodríguez

**Edita**

Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo

**Deseño e maquetación**

Optima Vigo, s.l.

**Imprime**

Tórculo Artes Gráficas

**Depósito Legal**

VG - 586 - 2004

## INDICE


A Unidade de Promoción e Desenvolvemento como instrumento de dinamización .....	7
Estructura e Equipo da UPD .....	11
Medidas e Accións Desenvolvidas polo Proxecto .....	15
1. Desenvolvemento do territorio e emprego .....	16
2. Promoción de proxectos, apoio, dinamización e avaliación de escolas obradoiro e obradoiros de emprego .....	23
3. Estratexias e recursos para a inserción laboral .....	44
Actividades xerais e complementarias realizadas polo equipo .....	49
Participación do Persoal da Unidade en actividades formativas e foros .....	53



*Equipo UPD - Xuño 2004*



A UNIDADE DE PROMOÇÃO E DESENVOLVIMENTO  
COMO INSTRUMENTO DE DINAMIZAÇÃO



As Unidades de Promoción e Desenvolvemento defínense como instrumentos de intervención en ámbitos territoriais supramunicipais destinados a actuar sobre as potencialidades de desenvolvemento, fomentando a creación de emprego.

Neste senso, as UPD favorecen o desenvolvemento de plans integrais para a execución das políticas activas de emprego coa finalidade última de mellorar as posibilidades de inserción das persoas desempregadas. Para acadar este obxectivo, as funcións principais das Unidades son as seguintes:

- Investigar as oportunidades de desenvolvemento e emprego do territorio, por medio dunha axeitada prospección e avaliación dos seus recursos dispoñibles e do uso de métodos e sistemas que permitan a planificación, coordinación e posta en práctica de accións e promoción de iniciativas e estratexias de políticas activas de emprego, fundamentalmente vinculadas ós novos viveiros de emprego.
- Facilitar información sobre o emprego e o desenvolvemento, a través da súa organización, sistematización e divulgación ós técnicos e axentes de emprego, ás escolas obradoiro, casas de oficio e obradoiros de emprego e ás entidades interesadas no desenvolvemento local e na creación de emprego.
- Apoiar, dinamizar e avaliar os proxectos de escolas obradoiro, casas de oficio e obradoiros de emprego existentes no ámbito de actuación.
- Desenvolver estratexias e metodoloxías de apoio dirixidas á inserción laboral por conta allea, á creación de iniciativas empresariais e ó autoemprego dos colectivos de desempregados e, especialmente, dos participantes en escolas obradoiro, casas de oficio e obradoiros de emprego e outros programas de cooperación.
- Coordinar as actuacións dos técnicos locais de emprego.

A **Unidade de Promoción e Desenvolvemento da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo**, que tivo un período de duración de dous anos e medio, iniciando a súa actividade o 13 de decembro de 2001 e concluíndo o 12 de xuño de 2004, foi promovida por esta entidade pública e cofinanciada pola Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais e o Fondo Social Europeo.

O presente proxecto circunscribe ó marco xeral dos obxectivos que se establece na Orde que regula ás UPD, no sentido en que coa execución das diferentes accións que conforman as medidas principais do proxecto, acadáronse as cinco funcións principais que se recollen en dita Orde.





O proxecto integrou de forma equilibrada e coordinada vinte e oito accións que potenciaron tanto a dinamización do territorio en termos de desenvolvemento como a mellora da implantación das políticas activas de emprego que se desenvolveron no territorio, en concreto dos programas de escolas obradoiro e obradoiros de emprego.

Neste sentido, o proxecto de UPD estruturouse arredor de tres medidas interrelacionadas entre si, e executadas a través dun conxunto de accións:

**Medida I. Desenvolvemento do territorio e emprego.**


**Medida II. Promoción de proxectos, apoio, dinamización e avaliación de escolas obradoiro e obradoiros de emprego.**

**Medida III. Estratexias e recursos para a inserción laboral.**






## ESTRUCTURA E EQUIPO DA UPD



A Unidade de Promoción e Desenvolvemento estivo conformada por un equipo interdisciplinar de 13 persoas organizadas nos seguintes departamentos:



Na data de finalización do proxecto, a 12 de xuño de 2004, formaban parte da Unidade as seguintes persoas:

**Dirección:**

Zara Pousa Arbones. Directora. 21-11-02 / 12-06-04

**Técnicos/as e persoal de apoio:**

Barreiro Magdalena, Pilar. Auxiliar técnica en administración. 13-12-01 / 12-06-04

González de la Cuesta, Blanca C. Técnica en informática. 21-11-02 / 12-06-04

Lago Martínez, Cristina. Auxiliar técnica en informática. 13-12-01 / 12-06-04

Marchante Pérez, Carmen África. Auxiliar técnica en delineación. 13-12-01 / 12-06-04

Martínez Rodríguez, Silvana. Técnica en orientación e inserción laboral. 13-12-01 / 12-06-04

Pereira Rodríguez, Leopoldo A. Auxiliar técnico en administración. 01-02-02 / 12-06-04

Pérez Núñez, Isabel. Técnica de emprego. 16-05-03 / 12-06-04

Piñeiro Álvarez, Belén. Técnica en orientación e inserción laboral. 02-02-04 / 12-06-04

Quintáns Ríos, Francisco Gabriel. Técnico en análise territorial. 15-12-03 / 12-06-04

Rivadulla López, Susana. Arquitecta. 15-12-03 / 12-06-04



**Igualmente formaron parte do equipo da UPD as seguintes persoas:**

Búa Gil, José Manuel. Arquitecto/a. 13-12-01 / 31-10-03

Dávila Barba, Susana. Técnica de emprego. 13-12-01 / 15-05-03

López Walliser, Julio Antonio. Técnico en comunicación. 13-12-01 / 30-05-04

Méndez Pardo, José Angel. Técnico en informática 13-12-01 / 9-09-02

Méndez Martínez, Francisco Xabier. Director. 13-12-01 / 23-09-02

Pascual Martínez, Ana Isabel. Técnica en orientación e inserción laboral. 13-12-01 / 17-01-02

Piñeira Mantiñán, M<sup>a</sup> José. Técnica en análise territorial. 12-12-01 / 31-10-03

Pousa Arbones, Zara. Técnica de emprego. 13-12-01 / 20-11-02


Saavedra Fernández, Berta. Técnica en orientación e inserción laboral. 01-02-02 / 18-09-03

Troitiño Dapena, Xulio. Técnico de emprego. 04-02-03 / 30-04-04





MEDIDAS E ACCIÓNS DESENVOLVIDAS  
POLO PROXECTO



## DESENVOLVEMENTO DO TERRITORIO E EMPREGO

O desenvolvemento local é un proceso que se caracteriza principalmente por abordar, desde a perspectiva local moitos dos problemas ós que se enfrontan certos territorios, o desemprego, a exclusión social e laboral de moitos colectivos, o avellentamento da poboación, o despoboamento de zonas rurais, etc., potenciando a participación de todos os axentes dun territorio e utilizando aqueles recursos propios que se atopan infrutilizados.

A UPD, no seu afán de intervir neste proceso e co obxectivo de investigar as potencialidades de desenvolvemento e emprego, facilitar información e apoiar a labor de todos os axentes interesados no desenvolvemento local, ten deseñado e posto en marcha diversas ferramentas, servizos e metodoloxías de traballo.

Neste sentido a Unidade ten traballado en catro niveis fundamentais:

- Prospección e análise do territorio.
- Difusión de información.
- Apoio e coordinación das actuacións dos técnicos/as e axentes de emprego.
- Deseño de plans e proxectos.

### PROSPECCIÓN E ANÁLISE DO TERRITORIO

#### ■ Centro de Información Estatística e Territorial

O Centro de Información Estatística e Territorial, instrumento de información nos ámbitos de carácter sociolaboral, socioeconómico e socioterritorial, foi deseñado co obxectivo de servir de base para a análise do territorio, proporcionar información actualizada acerca dos procesos socioeconómicos, facilitar a elaboración de plans e proxectos e a toma de decisións en materia de emprego e desenvolvemento local, tanto por parte da UPD, como por parte dos responsables nestas materias nas diferentes entidades que actúan no territorio.

Para a elaboración deste Centro, a UPD levou a cabo traballos de captación, procesamento e tratamento de datos, a nivel municipal e provincial, a través dun sistema de información xeográfico que permitiu a conformación de bases de datos xeorreferenciadas, onde a información está relacionada espacialmente, mediante coordenadas, e situada automaticamente sobre cartografía de carácter xeral.





Polo que se refire á estrutura temática das bases de datos, o Centro de Información Estatística e Territorial contempla os seguintes contidos:

- Estructura administrativa do territorio.
- Medio físico.
- Recursos naturais.
- Recursos turísticos e culturais.
- Dinámica e estrutura da poboación.
- Mercado de traballo.
- Actividade económica.
- Equipamentos sociais.
- Infraestructuras territoriais.
- Planificación urbana.


### ■ Documento cartográfico e estatístico de análise territorial. Área intermunicipal de Vigo

Paralelamente ó traballo de captación de datos e de creación do Centro de Información Estatístico e Territorial, e conscientes da utilidade deste tipo de información, a UPD editou un documento que reflicte a estrutura territorial, demográfica, económica e social da Mancomunidade de Vigo, mediante a proxección en diferentes mapas de datos vinculados coas áreas de territorio, medio físico, poboación, vivenda, mercado de traballo, actividade económica, etc.

## DIFUSIÓN DA INFORMACIÓN

### ■ Páxina web: [www.maiv.org/upd](http://www.maiv.org/upd)

Co obxectivo de facilitar información e servir de canle de comunicación entre a UPD, os proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego, os técnicos e axentes de emprego e as entidades e actores sociais, deseñouse unha nova estrutura da páxina web da UPD, onde se incorporaron novas seccións e servizos dirixidas á facilitar a inserción laboral dos desempregados, especialmente do colectivo participante dos proxectos de escolas e obradoiros.



As seccións principais coas que conta a web son as seguintes:

#### **A nosa UPD:**

Nesta sección pódese atopar información sobre a orixe e evolución das Unidades de Promoción e Desenvolvemento tanto a nivel nacional como autonómico. Así mesmo, faise unha descrición do proxecto actual promovido pola Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, cos seus obxectivos, liñas de traballo, departamentos que o compoñen e normativa na que se basea.

#### **Escolas e Obradoiros:**

Nesta sección encóntrase información detallada dos programas de escolas obradoiro e obradoiros de emprego, referida ós promotores, destinatarios, como elaborar un proxecto, normativa, así como enderezos de interese.

#### **¿Que ofrecemos?:**

Desde esta sección ofrécese unha serie de servizos que poden apoiar o labor dos diferentes axentes socioeconómicos e que están englobados segundo as áreas temáticas seguintes: escolas obradoiro, desenvolvemento local e servizo de documentación.

En todas estas seccións pódense atopar todos os documentos e publicacións que a UPD foi desenvolvendo e editando ó longo dos anos.

Ademais nesta páxina pódese atopar a edición tanto de Arco da Nova como da Revista Landra, así como a Web de emprego.

#### **■ Web emprego: [www.maiv.org/upd/emprego](http://www.maiv.org/upd/emprego)**

A sección emprego, denominada Web Emprego, ten como obxectivo, por unha banda, promover a busca activa de emprego por parte daquelas persoas que están na procura dun posto de traballo e especialmente dos participantes de escolas obradoiro e obradoiros de emprego, e pola outra, facilitar ás persoas responsables das empresas do territorio o contacto cos demandantes de emprego.

Nesta sección están incluídos os apartados seguintes:


**Activate:** dirixida ó alumnado traballador das escolas e obradoiros co obxectivo de facilitarlle a reflexión e as ferramentas de busca de emprego.




**Localiza empresas:** dirixida ó alumnado traballador das escolas e obradoiros para que acceda ós datos principais das empresas que poden estar relacionadas coa súa especialidade.

**Selecciona persoal:** dirixida ás persoas empresarias da provincia de Pontevedra para que acceda a información curricular básica e que tipo de formación acadou o alumnado traballador dos proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego.

**Conéctate ó emprego:** dirixida a todas aquelas persoas que queiran acceder ás distintas páxinas web que ofrecen recursos para o emprego.



## ■ Servicios de Documentación



Como complemento a todas as actividades de asesoramento, a UPD puxo en marcha un servizo de documentación dirixido a todos os axentes que actúan no territorio e que necesitan consultar fondos bibliográficos en temas referidos a emprego, formación, promoción económica, territorio, urbanismo, patrimonio, medio ambiente, etc.

A páxina web da UPD conta co "Servicio de Documentación" que ofrece:

**Biblioteca da UPD:** publicacións e materiais que o equipo ten elaborado de forma que toda persoa usuaria pode acceder ós contidos das mesmas.

**Fondo bibliográfico da Mancomunidade de Vigo:** ofrece unha relación de todos os fondos dos que dispón a entidade dividida segundo temáticas e ofrece a posibilidade de coñecer a dispoñibilidade de préstamo ou consulta de cada libro.



Así mesmo, a Unidade co seguimento exhaustivo da prensa diaria, elaborou unha **base de datos de noticias** relacionadas co emprego, desenvolvemento local, formación, escolas e obradoiros, ordenación do territorio, urbanismo, programas europeos, etc., co obxectivo de nutrir de información tanto ó resto do equipo da Unidade de Promoción e Desenvolvemento como ós actores que necesitan información mais detallada de determinadas temáticas.

## APOIO E COORDINACIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS TÉCNICOS E AXENTES DE EMPREGO

### ■ Servicio de apoio ó Servicio de Asesoramento a Emprendedores da Mancomunidade de Vigo

A UPD, en consonancia cos obxectivos da propia Mancomunidade de Vigo e coas directrices fixadas pola Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relación Laborais, estableceu unha colaboración activa coa **rede de Técnicos de Emprego do Servicio de Asesoramento a Emprendedores** da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo ofrecendo metodoloxías de traballo e información actualizada en materia de emprego e desenvolvemento local a través de diversos mecanismos:



- Participación nas reunións que a rede ten establecidas periodicamente.
- Comunicación coa rede a través dunha lista de correo creada para o intercambio de información.

Entre as actividades desenvolvidas para prestar apoio a esta rede compre destacar:

- Captación e procesamento de datos en materia laboral e socioeconómica.
- Deseño e actualización da base de datos sobre normativa e lexislación publicada no DOG e BOE.
- Distribución semanalmente, vía e-mail, da lexislación e normativa publicada no DOG e BOE en materia de emprego, formación, actividade empresarial e desenvolvemento local.
- Actualización da base de datos do SAE, introducindo asesoramentos realizados.



- Actualización da páxina web do SAE.
- Colaboración nos procesos de asesoramento a usuarios do servizo.
- Desenvolvemento de contidos e impartición de sesións formativas á Rede (Curso de análise económico financeiro para a valoración da viabilidade de proxectos empresariais. Outubro 2002).
- Colaboración co SAE na preparación de materiais e campañas de difusión do servizo.

### ■ Servicio de apoio ós Técnicos/as de Emprego da provincia de Pontevedra

A UPD ten colaborado co resto dos técnicos/as e axentes de emprego da provincia de Pontevedra, na medida en que cada un deles solicitaba asesoramento concreto.

Neste sentido, as demandas máis solicitadas foron referentes á solicitude de datos estatísticos sobre o territorio e mercado laboral, información sobre temas de autoemprego e asesoramento a emprendedores, información sobre os certificados de profesionalidade e información relativa ós proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego, no que se refire a cómo redactar un proxecto ou cuestións máis puntuais como a elaboración dun orzamento ou a aplicación dos salarios ó persoal deste proxecto.

## DESEÑO DE PLANS E PROXECTOS

### ■ Apoio a entidades na formulación de proxectos de desenvolvemento e emprego

A UPD colaborou con diversas entidades pertencentes a área da Mancomunidade de Vigo no deseño de propostas de actuación en materia de emprego e desenvolvemento local, na elaboración de estudos territoriais ou en diagnósticos socioeconómicos.

#### - Plan de Dinamización Turística de Nigrán

Colaboración co concello de Nigrán na elaboración dun plan para dinamizar o sector turístico e presentalo no marco do Plan Futures.



#### - Proxecto de desenvolvemento rural PRODER II

Colaboración coa Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo na redacción dun proxecto de desenvolvemento rural para presentalo no marco da convocatoria do Programa PRODER II da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural pertencente á Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.



O proxecto foi aprobado cun orzamento para a realización das accións de 11.511.848 euros.

A UPD ten colaborado igualmente no apoio á Asociación de Desenvolvemento Rural da Mancomunidade de Vigo para a posta en marcha do programa Proder II e as súas accións, colaborando na elaboración de diversos documentos como o plan de xestión de axudas, axuste de orzamentos, etc.

### ■ Realización de estudos monográficos, informes aplicados e materiais informativos en materia de emprego e desenvolvemento local


Durante todo o período de actividade do proxecto, a Unidade ten colaborado, coa Mancomunidade de Vigo e os seus programas e proxectos, en diversas tarefas de apoio, redacción de informes e documentos relativos tanto á potenciación dos servizos públicos que ofrece como ó desenvolvemento do territorio.

#### - Colaboración co proxecto "Compás (iniciativa Equal)" na redacción de diversos documentos de análise:

- **Os factores de desigualdade no acceso ó emprego na Mancomunidade de Vigo.** Comunicación incluída no segundo módulo da "Acción de formación para o equipo técnico de orientadores" referida á "Pobreza e exclusión social. Situación a nivel local".
- **Situación económica de Vigo.**
- **O desemprego na Mancomunidade de Vigo.**
- **O desemprego no concello de Baiona.**

#### - Outras colaboracións establecidas coa Mancomunidade de Vigo en materia de desenvolvemento e emprego:

- **Estudio da situación socioeconómica en relación coas problemáticas de desigualdade e discriminación no territorio da área metropolitana de Vigo.** Documento elaborado en colaboración coa entidade para incluílo no proxecto da nova convocatoria de Equal II.
- Colaboración en **accións de análise previo á constitución da Área Metropolitana** na elaboración de diversos mapas e documentos cartográficos relativos á área e informes socioeconómicos de determinadas zonas.



- Colaboración na **definición de accións do proxecto "Empleocities"** (Art.6. FSE) para o seu desenvolvemento na área de Vigo.
- Colaboración na **reestructuración da súa páxina web**, realizando o deseño, programación html e redacción de contidos.
- **Inventario e catalogación do seu fondo bibliográfico** para poñelo ó servizo dos técnicos/as e axentes de emprego.

## PROMOCIÓN DE PROXECTOS, APOIO, DINAMIZACIÓN E AVALIACIÓN DE ESCOLAS OBRADOIRO E OBRADOIROS DE EMPREGO

Os programas de escolas obradoiro e obradoiros de emprego configúranse como uns dos instrumentos máis eficientes cara a mellora da inserción laboral dos desempregados, e en concreto daqueles colectivos que teñen mais dificultades no acceso o mercado de traballo.

Enmarcados dentro dos programas de formación e emprego, as escolas e obradoiros ofrecen a oportunidade de adquirir unha formación práctica e profesional nunha determinada especialidade, tanto dos sectores tradicionais como nos novos filóns de emprego. Así mesmo, contribúen á recuperación do patrimonio histórico, artístico ou natural, e por último, ofrecen a posibilidade de inserción sociolaboral para aqueles desempregados máis desfavorecidos en termos de empregabilidade así como para as persoas mozas que teñen abandonado o sistema educativo prematuramente.

Un dos obxectivos principais da Unidade de Promoción e Desenvolvemento foi colaborar na implantación das políticas activas no ámbito de actuación. Neste sentido, a UPD participou, durante toda a duración do proxecto, con diversas entidades da provincia de Pontevedra interesadas na promoción do emprego no ámbito local e, en concreto, con aquelas que desenvolveron e executaron proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego.

Neste sentido a Unidade ten traballado a dous niveis:

- Promoción de proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego.
- Apoio, dinamización e avaliación de escolas obradoiro e obradoiros de emprego.



## PROMOCIÓN DE PROXECTOS

A UPD, consciente da necesidade de divulgar a filosofía e metodoloxía de actuación dos programas de escolas e obradoiros e de que os actores sociais, promotores destes proxectos, foran consecuentes coa súa realidade territorial á hora de executar un proxecto deste tipo, puxo en marcha un servizo de asesoramento e elaborou e difundiu diverso material.

### ■ Servizo de asesoramento a entidades promotoras de proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego

Desde decembro de 1998 o servizo de asesoramento subministrou a entidades de diversa natureza (concellos, mancomunidades de municipios, fundacións e asociacións sen ánimo de lucro, etc.) a información necesaria para que puideran desenvolver un proxecto de escola obradoiro ou obradoiro de emprego o máis axeitado posible ás necesidades reais do contorno onde se executaría.

Os diferentes contactos coas entidades promotoras foron desde asesoramentos puntuais, ofrecendo información moi concreta, ata o asesoramento continuado dos traballos de elaboración do proxecto.

Os servizos prestados foron:

- Atención de demandas, ofrecendo as primeiras informacións sobre o programa.
- Deseño inicial do proxecto, definindo o tipo de programa formativo a desenvolver e as actividades a realizar no proxecto de obra ou servizo.
- Colaboración coa entidade na redacción do proxecto de obra ou servizo en función das súas necesidades e posibilidades ou nalgúns casos a redacción completa. Estes proxectos están conformados xeralmente por memoria de actuación, cartografías, planos de intervención, medicións e custos de obra.
- Elaboración de memorias socioeconómicas para a xustificación dos proxectos.
- Elaboración de plans formativos das especialidades previstas e adaptación da obra ou servizo ós mesmos.
- Confección dos orzamentos dos proxectos no que se refire a gastos de persoal e gastos de funcionamento.
- Deseño gráfico e maquetación final dos documentos e proxectos.







## ASESORAMENTOS REALIZADOS

Os **asesoramentos realizados** pola UPD entre decembro de 2001 e xuño de 2004 efectuáronse ás seguintes entidades:

- Concello de A Estrada
- Concello de A Guarda
- Concello de A Lama
- Concello de Agolada
- Concello de As Neves
- Concello de Baiona
- Concello de Barro
- Concello de Campo Lameiro
- Concello de Cerdedo
- Concello de Cotobade
- Concello de Forcarei
- Concello de Fornelos de Montes
- Concello de Gondomar
- Concello de Meaño
- Concello de Mondariz
- Concello de Moraña
- Concello de Mos
- Concello de O Covelo
- Concello de O Grove
- Concello de O Porriño
- Concello de O Rosal
- Concello de Pazos de Borbén
- Concello de Poio
- Concello de Portas
- Concello de Redondela
- Concello de Salceda de Caselas
- Concello de Salvaterra de Miño
- Concello de Sanxenxo
- Concello de Tui
- Concello de Vigo
- Concello de Vilaboa
- Concello de Vilanova de Arousa
- Asociación Cultural "Morrazo TV"
- Asociación de Empresarios de Mos
- Asociación de Veciños de Valadares
- Fundación Érguete
- Fundación Palacio de Mos
- Mancomunidade de Montes Veciñais de Vigo
- Mancomunidade do Salnés
- Secretariado Xeral Xitano





## PROXECTOS DE ESCOLAS OBRADOIRO E OBRADOIROS DE EMPREGO ELABORADOS POLA UNIDADE

### OBRADOIRO DE EMPREGO "MONTE DA LAPA".



Entidade promotora: concello de Vilaboa.

Actuacións previstas: construción dun edificio para casa do pobo e recuperación medioambiental da canteira do alto da Lapa.

Especialidades previstas	Alumnado
Construcción	12
Carpintería	12
Medio ambiente-xardinería	12

Este proxecto foi redactado pola UPD, realizándose o proxecto de obra para a casa do pobo e colaborando con técnicos do concello na redacción da recuperación ambiental. O proxecto foi entregado á entidade promotora en febreiro de 2002.

### OBRADOIRO DE EMPREGO "RESTAURACIÓN IV".



Entidade promotora: Concello de Tui.

Actuacións previstas: Recuperación da ruta dos muiños en Guillarei, acondicionamento interior da parte municipal do convento de Santo Domingo e rehabilitación dunha edificación con destino a oficinas na zona monumental de Tui.

Especialidades previstas	Alumnado
Albanalería	10
Cantería	10
Carpintería	10

A UPD redactou todo o documento, excepto a elaboración do proxecto de obra que se fixo desde o concello. O proxecto foi presentado á entidade promotora en maio de 2002 e púxose en funcionamento en xuño de 2003, cunha duración dun ano.



## OBRADOIRO DE EMPREGO "O ROSAL II".



Entidade promotora: Concello de O Rosal.

Actuacións previstas: Recuperación dos muiños do Picón e o seu contorno, restauración do muiño do Pijorro e acondicionamento da nave anexa ó centro de formación ocupacional.

Especialidades previstas	Alumnado
Albanalería	12
Carpintería	12
Xardinería- Medio ambiente	12
Cantería	12

O proxecto foi redactado integramente polo equipo da UPD, foi entregado ó concello en xullo de 2002 e posto en funcionamento en decembro de 2002 cun ano de duración.

## OBRADOIRO DE EMPREGO "VIGO ZOO II".



Entidade promotora: Concello de Vigo.

Actuacións previstas: Segunda fase de acondicionamento e mellora do parque zoolóxico de Vigo.

Especialidades previstas	Alumnado
Construcción	15
Carpintería	15
Xardinería - Medio ambiente	15

O equipo da Unidade colaborou na redacción do proxecto no referente ó análise socioeconómico, adaptación dos plans formativos ó proxecto de obra e na elaboración dos orzamentos. O proxecto de obra foi redactado na súa totalidade por técnicos do concello de Vigo.

O documento foi entregado á entidade promotora en outubro de 2002 e poñerase en marcha en xuño de 2004 cunha duración dun ano.



## OBRADOIRO DE EMPREGO "GONDOMAR".




Entidade promotora: Concello de Gondomar.

Actuacións previstas: Acondicionamento do sendeiro do río Zamáns, execución dos vestiarios do pavillón deportivo Chano Piñeiro e acondicionamento dos vestiarios da sede da escola no Centro de Desenvolvemento Local de Gondomar.

Especialidades previstas	Alumnado
Construcción	15
Carpintería	15
Medio ambiente	15

O proxecto foi redactado pola UPD e presentado á entidade promotora para a súa remisión a Consellería en novembro de 2002. O proxecto foi desestimado.

## OBRADOIRO DE EMPREGO "A LAMA II".



Entidade promotora: Concello de A Lama.


Actuacións previstas: Reforma da casa do conserxe, acondicionamento do acceso o cemiterio de Escuadra, ampliación do garaxe do parque móbil municipal, acondicionamento do sendeiro do río Verdugo e axardinamento do espacio público do centro de formación de A Lama.

Especialidades previstas	Alumnado
Albanería	12
Cantería	12
Xardinería - Medio ambiente	12

Desde a UPD colaborouse na redacción e elaboración das obras incluídas no acondicionamento do sendeiro do río Verdugo e na ampliación do garaxe para o parque móbil municipal, de forma que o proxecto foi co-asinado polo arquitecto da UPD e o arquitecto técnico municipal do concello de A Lama. O resto do proxecto de obra foi elaborado pola entidade promotora. O documento final foi entregado en novembro de 2002.



### OBRADOIRO DE EMPREGO "VAL DA LOURIÑA".




Entidade promotora: Concello de O Porriño.

Actuacións previstas: Remodelación parcial do edificio multiusos de Torneiros, e restauración de muíños de auga en Cans, Budiño, Pontellas, Mosende e Chenlo.

Especialidades previstas	Alumnado
Albanería	12
Cantería	12
Xardinería - Medio ambiente	12
Carpintería	12

O proxecto foi redactado integramente polo equipo da UPD, incluído o proxecto de obra en colaboración cos técnicos do concello. Foi entregado o mesmo á entidade promotora en decembro de 2002 e posto en funcionamento en novembro de 2003 cunha duración dun ano.

### OBRADOIRO DE EMPREGO "O GROVE".



Entidade promotora: Concello de O Grove.


Actuacións previstas: Acondicionamento da Fonte da rotonda C-550 (enlace de acceso á Illa da Toxa), acondicionamento do centro de formación para obradoiro de emprego no monte das Flores.

Especialidades previstas	Alumnado
Albanería	12
Cantería	12
Fontanería - Electricidade	12

A colaboración da Unidade referiuse á adaptación dos plans formativos á obra a executar, elaboración de memoria socioeconómica e orzamentos para a execución do obradoiro. O proxecto de obra foi redactado integramente polo concello. O proxecto foi entregado á entidade promotora en febreiro de 2003.



### OBRADOIRO DE EMPREGO "AS NEVES".



Entidade promotora: Concello de As Neves.

Actuacións previstas: Rehabilitación das escolas unitaria Santa Eulalia de Batalláns e San Pedro de Batalláns e acondicionamento do sendeiro entre a praia de Portomaior e Guláns.

Especialidades previstas	Alumnado
Albanelería	12
Cantería	12
Xardinería - Medio ambiente	12

A UPD elaborou todo o proxecto excepto a parte referida ó proxecto de obra. Foi entregado á entidade promotora en marzo de 2003.

### OBRADOIRO DE EMPREGO "TERRA DE MONTES V".



Entidade promotora: Concello de Forcarei.

Actuacións previstas: Acondicionamento de alpendres sur do mosteiro de Acibeiro, creación de área recreativa de Cotelo, renovación do parque e carballeira de Forcarei e acondicionamento da nave da Freixeira.

Especialidades previstas	Alumnado
Construcción	15
Carpintería	15
Xardinería - Medio ambiente	15

O proxecto foi elaborado na UPD, excepto a parte correspondente á obra, que a realizaron desde o propio concello. O documento foi entregado á entidade promotora en abril de 2003 e posto en funcionamento en novembro de 2003 cun período de duración dun ano.



### OBRADOIRO DE EMPREGO "AGOLADA".



Entidade promotora: Concello de Agolada.

Actuacións previstas: Construción de edificio para centro de formación, mellora de infraestructuras no polígono industrial de Agolada e dotación de mobiliario e servizos nas prazas públicas.

Especialidades previstas	Alumnado
Albanería	12
Cantería	12
Carpintería	12

O equipo da UPD colaborou na preparación de todo o proxecto excepto na redacción do proxecto de obra que o elaboraron desde o concello. Foi entregado o documento en maio de 2003 e posto en funcionamento en novembro de 2003.

### OBRADOIRO DE EMPREGO "POUSADOURO".



Entidade promotora: Concello de Redondela.

Actuacións previstas: Rehabilitación de edificación para centro de formación ocupacional e acondicionamento do contorno.


Especialidades previstas	Alumnado
Construcción	12
Carpintería	12
Xardinería	12
Fontanería - electricidade	12

O equipo da Unidade colaborou na redacción do proxecto no referente ó análise socioeconómico, adaptación dos plan formativos ó proxecto de obra e na elaboración dos orzamentos. O proxecto de obra foi redactado na súa totalidade por técnicos do concello de Redondela. O documento foi entregado á entidade promotora en outubro de 2003.





## OBRADOIRO DE EMPREGO "CERDEDO".




Entidade promotora: Concello de Cerdedo.

Actuacións previstas: Rehabilitación da Cámara Agraria para oficinas municipais do concello, pavimentación do núcleo de Cerdedo, acondicionamento de piscina fluvial e vestiarios, acondicionamento de sendeiro Frei Martín Sarmiento e restauración dos lavadoiros na praza do concello, na rúa dos carballos, na rúa da Mina e de San Antón.

Especialidades previstas	Alumnado
Albanería	12
Cantería	12
Traballador forestal	12

O proxecto foi elaborado integramente polo equipo da Unidade, incluído os proxectos de obra correspondentes. O documento final foi entregado á entidade en outubro de 2003 e poñerase en marcha en xuño de 2004 cunha duración dun ano.

## OBRADOIRO DE EMPREGO "MANUEL B. PORTELA IV".



Entidade promotora: Concello de A Guarda.


Actuacións previstas: Rehabilitación de edificio para centro de día á terceira idade, rehabilitación dos lavadoiros Santa Catalina, Ribeira e Netos, acondicionamento de centro municipal e axardinamento dos espazos públicos de A Armona e do muro perimetral do campo de fútbol de A Guarda.

Especialidades previstas	Alumnado
Albanería	10
Cantería	10
Xardinería	10
Carpintería	10

O equipo da UPD colaborou na redacción do proxecto no referente á adaptación do proxecto de obra ós certificados de profesionalidade, elaboración de memoria socioeconómica, orzamentos de persoal e gastos de funcionamento do obradoiro. O proxecto foi entregado en novembro de 2003 para súa posterior presentación á Consellería.



## OBRADOIRO DE EMPREGO "VILANOVA DE AROUSA II".



Entidade promotora: Concello de Vilanova de Arousa.

Actuacións previstas: Remodelación da escola unitaria de A Pantrigueira, reforma de local para centro de información turística, acondicionamento da praza da Pastoriza, acondicionamento do contorno das capelas de Vilamaior, e San Roque do Monte e iluminación da casa natal dos irmáns Camba.

Especialidades previstas	Alumnado
Albanería	12
Cantería	12
Fontanería - electricidade	12

O equipo da Unidade colaborou na redacción do proxecto no referente ó análise socioeconómico, adaptación dos plan formativos ó proxecto de obra e na elaboración dos orzamentos. O proxecto de obra foi redactado na súa totalidade por técnicos do concello de Vilanova de Arousa. O documento foi entregado á entidade promotora en novembro de 2003 e poñerase en marcha en xuño de 2004 cunha duración dun ano.

## OBRADOIRO DE EMPREGO "FORNELOS DE MONTES II".



Entidade promotora: Concello de Fornelos de Montes.


Actuacións previstas: Acondicionamento do contorno da casa de cultura do concello, acondicionamento do contorno e finalización da rehabilitación das antigas escolas unitarias no encoro de Eiras destinadas a centro de turismo náutico.

Especialidades previstas	Alumnado
Albanería	12
Cantería	12
Xardinería	12

O proxecto foi elaborado integramente polo equipo da Unidade, incluído os proxectos de obra correspondentes. O documento final foi entregado á entidade en febreiro de 2004 para a súa remisión á Consellería.



## OBRADOIRO DE EMPREGO "RÍO LANDRAS".




Entidade promotora: Concello de Salceda de Caselas.

Actuacións previstas: Rehabilitación da cámara agraria para viveiro de empresas, acondicionamento do parque de O Torrón, acondicionamento do sendeiro do río Landras e reconstrución do conxunto etnográfico do río Landras: catro muíños e un lavadoiro.

Especialidades previstas	Alumnado
Albanelería	12
Cantería	12
Xardinería	12
Carpintería	12

O proxecto foi elaborado pola UPD, colaborando co arquitecto contratado polo concello na parte de medicións de obra. O resto do proxecto no que se refire a memoria socioeconómica, plans formativos e adaptación destes á obra, orzamentos de persoal e gastos de funcionamento do obradoiro e deseño e maquetación, foi elaborado polo persoal da Unidade. O proxecto foi entregado á entidade promotora en maio de 2004.

## OBRADOIRO DE EMPREGO "SALVATERRA DE MIÑO".



Entidade promotora: Concello de Salvaterra de Miño.


Actuacións previstas: Desenvolvemento dunha parte do proxecto de aproveitamento integral das marxes do río Miño comprendendo a execución da edificación de servizos de consumo, viario peonil e paseo dos tileiros, os parques temáticos, ágora, área de espaxemento e axardinamento do contorno.

Especialidades previstas	Alumnado
Albanelería	12
Cantería	12
Xardinería	24

A UPD colaborou co concello na delimitación das obras a desenvolver e na adaptación do proxecto de obra, realizado por un arquitecto contratado polo concello, ós plans formativos. Así como na elaboración da memoria socioeconómica e orzamentos para gastos de persoal e de funcionamento. A documentación foi entregada ó concello de Salvaterra de Miño en xuño de 2004.



## OBRADOIRO DE EMPREGO "GONDOMAR II".



Entidade promotora: Concello de Gondomar.


Actuacións previstas: Acondicionamento do sendeiro do río Zamáns, execución dos vestiarios do pavillón deportivo do colexio público Chano Piñeiro, restauración dun ponte e do peto de ánimas e restauración do contorno do acueducto do Bravo.

Especialidades previstas	Alumnado
Albanería	12
Cantería	12
Xardinería	12

O equipo da UPD colaborou coa entidade promotora na elaboración de parte do proxecto de obra, en concreto no acondicionamento do río Zamáns e nos vestiarios do pavillón do colexio público Chano Piñeiro. As demais actuacións contempladas para o obradoiro de emprego foron elaboradas polo arquitecto municipal.

Así mesmo a UPD adaptou todo o proxecto de obra ós plans formativos das especialidades e elaborou a memoria socioeconómica e orzamentos de persoal e gastos de funcionamento. O proxecto foi entregado á entidade promotora en xuño de 2004.

## ESCOLA OBRADOIRO "AS SALGUEIRAS".



Entidade promotora: Concello de Sanxenxo.

Actuacións previstas: Acondicionamento do contorno dos ríos Dorrón, Baltar e Fabaiños, restauración de tres lavadoiros, restauración de dúas fontes, acondicionamento da planta baixa do edificio sociocultural, ampliación dos vestiarios do C.X. Sanxenxo e acondicionamento de campo de xogos. Así mesmo, dinamización do sector turístico a través do mantemento de servizos do porto deportivo e organización de actividade de tempo libre e turismo, e construción de dúas embarcacións de poliéster.

Especialidades previstas	Alumnado
Albanería	12
Cantería	12
Xardinería	12

O proxecto de obra foi elaborado integramente pola entidade promotora e o equipo da Unidade adaptou este ós plans formativos, elaborou a memoria socioeconómica e os orzamentos de gastos de persoal e de funcionamento da escola. O proxecto foi entregado á entidade promotora en xuño de 2004.



## MODIFICACIÓN DE PROXECTOS E COLABORACIÓNS PUNTUAIS NA REDACCIÓN DOS MESMOS

Ademais da elaboración dos anteriores proxectos a UPD encargouse de adaptar ou **modificar proxectos** redactados con anterioridade ou de colaborar puntualmente na elaboración de determinadas partes dos mesmos:

- **Obradoiro de Emprego "Fornelos de Montes"**. Reformado xeral do proxecto.
- **Obradoiro de Emprego "Torrón"**. Concello de Salceda de Caselas. Colaboración co técnico local de emprego nos traballos de reformado do proxecto de (orxamentos de obra).
- **Obradoiro de Emprego "A Segorella II"**. Mancomunidade do Salnés. Elaboración dos anexos I e II do proxecto, incluído o orzamento destinado a gastos de persoal e de funcionamento do proxecto.
- **Obradoiro de Emprego "Manuel B. Portela IV"**. Concello de A Guarda. Modificación de proxecto de obra e plan formativo.
- **Obradoiro de Emprego "Mos"**. Elaboración de orzamento para persoal e gastos de funcionamento, facilitóuselles ademais todos os certificados de profesionalidades das especialidades incluídas no proxecto de forma electrónica.
- **Obradoiro de Emprego "Baiona"**. Facilitáronselles todos os certificados de profesionalidades das especialidades incluídas no proxecto explicándolles a adaptación de estes ós planes formativos do obradoiro.
- **Obradoiro de Emprego "O Covelo 2004"**. Facilitáronselles todos os certificados de profesionalidade das especialidades que queren incluír no proxecto, así como as plantillas dos anexos para a solicitude de subvención de forma electrónica.
- **Obradoiro de Emprego "Poio 2004"**. Facilitáronselles en formato electrónico as plantillas que hai que presentar cun proxecto de obradoiro de emprego.
- **Obradoiro de Emprego "Terra de Montes VI" en Forcarei**. Facilitáronselles todos os certificados de profesionalidade das especialidades que queren incluír no proxecto, e as plantillas dos anexos para a solicitude de subvención de forma electrónica.
- Colaborouse co concello de Vigo na adaptación dun proxecto de **escola obradoiro sobre as Novas Tecnoloxías da Información** redactado no ano 2000 para a Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo. A colaboración referiuse ó deseño dun bosquexo de proxecto adaptando as especialidades a desenvolver e a obra a executar no concello de Vigo.



### ■ Guía para entidades promotoras de escolas obradoiro e obradoiros de emprego

A publicación da "Guía para entidades promotoras. Unha aposta polos programas de formación e emprego", tivo por obxectivos sensibilizar ás entidades promotoras da filosofía dos programas de escolas e obradoiros e de informar os diferentes axentes do territorio de cómo redactar e deseñar un proxecto deste tipo.

A guía foi distribuída a todos os concellos da provincia de Pontevedra e a todas aquelas entidades que estaban interesadas en promover un proxecto deste tipo.

Así mesmo, a guía foi presentada, coa presenza do Delegado Provincial en Pontevedra da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais e distribuída na IV Feira de Formación e Emprego Galiemprego 2004.



### ■ A innovación nos programas de escolas obradoiro e obradoiros de emprego

A UPD vendo a necesidade de introducir elementos innovadores nos programas de escolas obradoiro e obradoiros de emprego elaborou un documento que ofrece as posibilidades de introducir algún elemento deste tipo nos proxectos que se executen na provincia de Pontevedra. O estudo foi realizado en función doutras experiencias similares levadas a cabo no resto de España e das características socioeconómicas, necesidades formativas e en materia laboral de cada unha das comarcas da provincia de Pontevedra.

O estudo estruturouse e dúas partes, unha reflicte o grao de innovación existente nestes proxectos en cada unha das comunidades autónomas de España, facendo referencia ós motivos polos que se innova, e a outra parte, propón tipos de proxectos e especialidades a executar en cada unha das comarcas da provincia de Pontevedra en función das características territoriais e necesidades de cada área.

Así mesmo, e a petición da Sección de Escolas Obradoiro da Delegación provincial da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relación Laborais, redactouse un documento froito do anterior, centrado na comarca do Baixo Miño que ofrece unha relación de especialidades, baseadas nas necesidades sociais e económicas da comarca, susceptibles de impartir en calquera proxecto de escola ou obradoiro e que ofrecen maiores posibilidades de inserción de aqueles colectivos máis desfavorecidos.



## APOIO, DINAMIZACIÓN E AVALIACIÓN

A Unidade de Promoción e Desenvolvemento, seguindo na liña de colaboración na mellora do emprego no ámbito local, participou activamente no apoio e dinamización do programa de escolas obradoiro e obradoiros de emprego, xerando actividades, produtos e recursos para os proxectos en funcionamento, co fin último de incrementar o valor e a eficacia destes programas.

Durante o período de actividade, a Unidade colaborou con 48 proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego que estiveron en activo durante esta etapa, o que afecta a un colectivo aproximado de 2.000 alumnas e alumnos traballadores na provincia de Pontevedra.

### ■ Asesoramento e apoio a escolas obradoiro e obradoiros de emprego en funcionamento

A UPD veu ofrecendo información en diversas materias e asesoramento nas necesidades que puideran xurdir no persoal directivo, nas persoas encargadas das titorías ou nos docentes.

As consultas realizábanse nas seguintes materias:

- Proxectos de obra.
- Plans formativos, códigos de especialidades e certificados de profesionalidade.
- Orientación e inserción sociolaboral.
- Iniciativas empresariais e de autoemprego.
- Colaboración no deseño de logos para proxectos.

Este servizo ofreceuse tanto a través de reunións presenciais na sede da UPD como a través do teléfono ou correo electrónico.

Ademais este servizo atendeu a outros colectivos implicados no desenvolvemento destes proxectos, como os técnicos ou axentes de emprego, persoal técnico dos concellos ou orientadores laborais dos diferentes municipios.

### ■ Observatorio de escolas obradoiro e obradoiros de emprego

O observatorio de escolas obradoiro e obradoiros de emprego foi deseñado co obxectivo de poder realizar unha avaliación constante da situación dos programas, deseñar estratexias de apoio e coordinación, así como difundir os resultados obtidos coa execución dos proxectos.



O emprego desta ferramenta de traballo deu como resultado o deseño inicial dunha sección na páxina web da UPD, susceptible de ser ampliada ó longo do tempo, denominada "Observatorio de Escolas e Obradoiros" no que se pode acceder ós datos principais dos proxectos en funcionamento e ás estatísticas xerais dos que foron rematando.

Nas estatísticas ofrécese información sobre o tipo de entidades promotoras, as actuacións realizadas, as especialidades impartidas, o tipo de formación complementaria, as características do persoal directivo e docente, o perfil do alumnado traballador, etc.



Co obxectivo de desenvolver os contidos deste observatorio, a UPD tivo establecido varios mecanismos de recollida de información relativa tanto a datos cuantitativos como cualitativos:

- Contactos e reunións co persoal integrado nos programas.
- Recompilacións de publicacións da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.
- Cuestionarios e enquisas ó persoal directivo das escolas e obradoiros para obter información tanto xeral do proxecto como un resumo das actividades desenvolvidas en cada unha das especialidades impartidas.
- Currículos do alumnado traballador que o cubrían de formación voluntaria para así poder subilos posteriormente á bolsa de emprego existente na páxina web da UPD.

### ■ Realización de actividades formativas puntuais

A Unidade de Promoción e Desenvolvemento estivo, durante todo o período de actividade, aberta a todas aquelas solicitudes efectuadas pola Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais para o desenvolvemento de actividades formativas nos proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego.

Neste a UPD emprendeu unha actividade de formación dirixida ó alumnado dun proxecto do Camiño de Santiago.





- En xaneiro de 2004, a técnica en informática da UPD iniciou a impartición do módulo de iniciación á informática no Obradoiro de Emprego Camiño de Santiago Torres do Oeste en Catoira. O módulo desenvolveuse durante 30 horas para cada unha das especialidades e estivo dirixido a 30 persoas.



### ■ Elaboración de estudos concretos e documentos de traballo sobre o programa de escolas obradoiro e obradoiros de emprego

Durante os dous anos e medio de actividade da Unidade de Promoción e Desenvolvemento o equipo redactou diversos estudos e elaborou materiais de apoio ós programas de escolas obradoiro e obradoiros de emprego:

- **Estudio do uso das novas tecnoloxías da información e comunicación en escolas obradoiro e obradoiros de emprego.**  
Documento elaborado co obxectivo de poder emprender accións de sensibilización sobre o uso das tecnoloxías en proxectos deste tipo, elaborouse un diagnóstico sobre o uso das mesmas tanto por parte do persoal directivo e docente como por parte do alumnado traballador dos proxectos.
- **Programación dos módulos de iniciación á informática.**  
Documento elaborado a raíz da obrigatoriedade de impartir un módulo de iniciación á informática establecida na Orde do 4 de abril que regula os programas de escolas obradoiro coa finalidade de permitir o acceso ó alumnado-traballador ás novas tecnoloxías, a UPD elaborou, unha posible programación a impartir nos diferentes proxectos e en función dos coñecementos previos sobre as novas tecnoloxías.
- **Seminarios sobre programas informáticos especializados e fontes de información en internet nos proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego.**  
A UPD deseñou un documento que recolle os contidos mínimos a impartir nuns seminarios dirixidos á formación do persoal docente, de titoría e de dirección, para que se formen e sensibilicen na necesidade da utilización das novas tecnoloxías da información e comunicación e que sexan eles mesmos ós que transmitan estas inxerencias e coñecementos ó alumnado traballador, dado que os módulos de iniciación á informática poden ser insuficientes en tempo para o desenvolvemento de contidos informativos amplos.



- **A sensibilización medioambiental nos proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego.**


Documento elaborado co obxectivo de potenciar a conciencia medioambiental en todos os ámbitos da actividade tanto social como económica, a UPD ten deseñado este documento que ofrece unhas nocións básicas para que os proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego incorporen, tanto no seu deseño, como na súa posterior execución, un plan de actuación medioambiental.

- **Catálogo de formación complementaria e actividades a desenvolver nos proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego.**

Durante a última fase do proxecto de UPD comezouse co deseño e redacción deste catálogo que tiña como obxectivo ofrecer alternativas para complementar os plans formativos de cada especialidade e para ampliar a oferta de actividades a desenvolver puntualmente que poden ofrecer unha formación integral ó alumnado-traballador dos proxectos de escolas e obradoiros de cara a súa incorporación ó mercado de traballo.

## ■ Revista Landra

A revista Landra foi creada, por unha banda, como instrumento de difusión e información dos programas de escolas e obradoiros entre os diferentes actores sociais, e pola outra, como canle de participación dos distintos proxectos que se desenvolven na Provincia de Pontevedra. Así mesmo, pretende ser unha ferramenta de divulgación de temas vinculados ó emprego e ó desenvolvemento local.



Durante o período de funcionamento desta UPD, editáronse 3 revistas tanto en formato papel como en formato dixital.

A revista está estruturada en 5 seccións:

- Editorial: a UPD fai reflexións sobre diversos temas relacionados co programa.
- Tribuna: Apartado dedicado a aqueles proxectos ou servicios orientados ó emprego e o desenvolvemento local.
- Escolas Abertas: nesta sección participan o persoal directivo ou titores/as de escolas obradoiro e obradoiro de emprego que queren facer unha análise do seu proxecto.
- Obra que dobra: sección dirixida ó alumnado-traballador que quere expresar as súas vivencias e o que lle aporta un proxecto de formación e emprego.
- Apuntamentos: sección na que participan aquelas persoas vinculadas ou que traballan no ámbito do emprego e o desenvolvemento local e que desexan aportar os seus coñecementos ou experiencias en diversos temas.

Así, nas tres edicións da revista, participaron a través dos seus directores/as, titores/as e alumnado traballador, 18 escolas e obradoiros e diversas persoas vinculadas a proxectos de desenvolvemento redactaron os seus artigos en temas vinculados ó emprego, á igualdade de oportunidades, ó voluntariado, ós colectivos desfavorecidos, ou mesmo a seguridade e hixiene no traballo, etc.

## ■ Boletín electrónico Arco da Nova

O boletín electrónico Arco da Nova especializado en noticias breves de actualidade referentes á formación, emprego e desenvolvemento local, editouse electrónicamente cunha periodicidade aproximadamente quincenal.

Arco da Nova distribuíuse simultaneamente en formato dixital e formato papel e é enviado a técnicos locais de emprego, escolas obradoiro, obradoiros de emprego e outras entidades relacionadas co desenvolvemento local, a promoción socioeconómica e o emprego.



En total editáronse 40 números que foron distribuídos de forma electrónica a 220 persoas usuarias da rede e en formato papel a 300 persoas a través de 85 institucións ou organismos.



## ESTRATEGIAS E RECURSOS PARA A INSERCIÓN LABORAL

A UPD na súa tarefa de desenvolver estratexias e metodoloxías de apoio dirixidas á inserción laboral por conta allea, á creación de empresas e ó autoemprego dos desempregados, e, especialmente, do colectivo participante das escolas obradoiro e obradoiros de emprego, ten traballado nos seguintes campos:

- Elaboración de metodoloxías.
- Apoio á inserción Laboral.

### ELABORACIÓN DE METOLOXÍAS

#### ■ Guía para orientadores – xestores dos programas de escolas obradoiro e obradoiros de emprego "Unha axuda cara á empregabilidade"

Este instrumento foi deseñado para facilitar o traballo das persoas que imparten o módulo de xestión de emprego ou ofrecen orientación, asesoramento e información profesional e formación empresarial.

O obxectivo da edición da guía foi por unha banda dar resposta a todas aquelas dúbidas que tiñan as persoas encargadas de impartir orientación laboral nos proxectos de escolas e obradoiros, e, pola outra, homoxeneizar os contidos e metodoloxía de traballo neste campo.



#### ■ Guía para axentes locais "Mellorando na busca. O club de emprego"



Os clubs de emprego xorden como iniciativa colectiva de cara a realización de diferentes actividades destinadas ó acompañamento das persoas desempregadas na busca activa de emprego.

Co obxectivo de facilitar e ofrecer os diferentes colectivos que traballan no campo da orientación laboral, a UPD editou unha publicación para difundir a metodoloxía de traballo destes clubs e así poder implantalos, ben co colectivo de participantes de escolas obradoiro e obradoiros de emprego, ben coas persoas que residen nun concello determinado e que están na procura dun posto de traballo.



## Manual para o desenvolvemento de habilidades persoais cara ó emprego no programa de escolas obradoiro

Dado o interese mostrado entre as persoas que traballan nos proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego, polo "Manual para o desenvolvemento de habilidades persoais cara ó emprego no programa de escolas obradoiro", elaborado no marco do anterior proxecto de UPD 1998-2001, nesta nova UPD reeditouse o manual co obxectivo de facilitar o traballo daquelas persoas que traballan na motivación cara o emprego dos participantes destes programas.

## Bolsa de emprego

A UPD sendo consciente de que as novas tecnoloxías da información e a comunicación son, actualmente, unha ferramenta moi utilizada na busca de emprego, xa que posibilitan unha rápida e gran difusión da información sobre ofertas de traballo, deseñou dentro da Web Emprego da páxina da UPD

unha sección denominada "Selecciona Persoal", destinado a introducir o currículo básico de todos aqueles participantes de escolas obradoiro e obradoiros de emprego que voluntariamente querían formar parte de dita base de datos.



Durante o funcionamento da UPD, procesáronse 435 currículos correspondentes a 18 proxectos dos 35 proxectos que remataron as súas actuacións na provincia de Pontevedra entre o 1 de xaneiro de 2002 e o 31 de decembro de 2003.

Co obxectivo de facilitar o contacto destes participantes co tecido empresarial, dentro da Web Emprego incluíuse outra sección denominada "Localiza Empresas" na que se facilita unha relación de empresas da provincia de Pontevedra na que a súa actividade está relacionada con todas as especialidades impartidas nos proxectos de escolas e obradoiros.

Así mesmo, e para que a relación ou contacto non fora só unidireccional, a UPD realizou unha campaña de difusión de ditas seccións, entre aproximadamente 300 empresas da provincia, co obxectivo de que coñeceran as mesmas e puideran acceder ó perfil do alumnado dos proxectos. Para tal fin, deseñouse e enviouse un tríptico de información da páxina web da UPD e lanzouse vía e-mail un comunicado cos enlaces directos ás mencionadas seccións.



## APOIO Á INSERCCIÓN LABORAL

### ■ Realización de actividades formativas en materia de inserción laboral

Ó igual que acontecía coas accións dirixidas ó apoio, dinamización e avaliación dos programas de escolas obradoiro e obradoiros de emprego, a Unidade de Promoción e Desenvolvemento estivo aberta a todas aquelas solicitudes efectuadas pola Consellería Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais para o desenvolvemento de actividades formativas nestes proxectos.

Así a UPD emprendeu unha actividade formativa dirixida ó alumnado traballador da Escola Obradoiro Camiño de Santiago de Soutomaioir.

- A finais do ano 2002, catro técnicas da UPD impartiron o módulo de xestión de **emprego** co obxectivo de dotar ó alumnado dos coñecementos teórico-prácticos necesarios no proceso de busca de emprego. Esta acción formativa desenvolveuse durante 16 horas para cada unha das especialidades da escola (albanelería, cantería, xardinería e carpintería) e formou a un total de 41 participantes. Nestas xornadas propúxose actividades que foron desde accións destinadas ó autocoñecemento do alumnado ata accións de cómo contactar co empresariado pasando pola elaboración do currículo ou o análise da prensa diaria.

### ■ Asistencia ó alumnado traballador de escolas obradoiro e obradoiros de emprego en proxectos de autoemprego

Durante a duración da UPD, asesoráronse a varios participantes procedentes de dous proxectos:

- Escola obradoiro Camiño de Santiago de Soutomaioir: Grupo inicialmente composto por 6 alumnos que quedou reducido a 3 (pertencentes á especialidade de xardinería). Tiñan intención de constituír unha empresa de servizos de xardinería. Finalmente tan só unha participante decidiu dedicarse a este actividade.

Neste caso axudóuselles a planificar a idea de negocio, explicándolles qué implicaba constituír o seu propio, fixéronselles cálculos das inversións necesarias e da diferenza nos custes se constituían unha forma xurídica ou outra.



- Obradoiro de emprego Bidueiro II da Fundación Érguete: asesoráronse a tres participantes que se deron de alta cada un deles como autónomos:
  - ⌘ un da especialidade de fontanería para crear unha empresa de fontanería.
  - ⌘ un da especialidade de albanelería para constituír unha empresa de servcios de pintura.
  - ⌘ un da especialidade de albanelería para constituír outra empresa de servcios de pintura.

Neste segundo caso axudóuselles a redactar o plan de empresa e a preparar a documentación necesaria para a solicitude de diversas subvencións á Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

### ■ Colaboración co Servicio de Asesoramento a Emprendedores da Mancomunidad de Vigo en tarefas de apoio a aquelas persoas que queren constituír a súa propia empresa

A UPD, colaborou co SAE prestando apoio nos labores de asesoramento personalizado a emprendedores. Estableceuse un día á semana para que a técnica de autoemprego asesorara a diferentes emprendedores.

O seu labor consistía en facilitar información básica de cómo constituír unha empresa, os trámites legais necesarios, as administracións ás que acudir e qué realizar en cada unha delas, así como axudarlles na redacción do plan de empresa para o coñecemento da viabilidade do negocio e a posible solicitude de diferentes axudas e subvencións.

- Nº asesoramentos: 36

- Empresas constituídas: 5

- 4 persoas autónomas que constituíron un comercio de téxtil do fogar, unha axencia de seguros, unha perruquería e unha empresa de comunicación para a edición dun periódico.
- 1 sociedade limitada con dúas socias que crearon unha empresa de sistemas de seguridade.




### ■ Organización de cursos de planificación empresarial e seminarios de xeración e difusión de ideas empresariais

En colaboración co Servicio de Asesoramento a Emprendedores da Mancomunidade de Vigo e a Rede de Técnicos de Emprego de Galicia, a UPD participou na organización das actividades que imparte o IGAPE e BIC Galicia referente a cursos de planificación empresarial, seminarios de difusión de ideas empresariais e seminarios de xeración de ideas.

O traballo realizado pola persoal da UPD foi o seguimento planificación dos seminarios a solicitar, o seguimento da inscrición de participantes e accións de difusión.


Actividade	Data	Participantes	Concello de realización
Curso de planificación	setembro 2002	25	Vigo
Curso de planificación	marzo 2003	24	Vigo
Curso de planificación	outubro 2003	22	Porriño
Seminario difusión de ideas	setembro 2003	50	ELM Bembrive
Seminario difusión de ideas	setembro 2003	24	ELM Bembrive

No ano 2004 planificáronse a solicitude de dous cursos de planificación empresarial e un seminario de xeración de ideas para impartir entre maio e decembro deste ano.





ACTIVIDADES XERAIS E COMPLEMENTARIAS  
REALIZADAS POLO EQUIPO



## ■ Difusión das actividades da UPD

A Unidade estivo a facer, durante toda a duración do proxecto, difusión de todas as súas actividades a través dos seguintes medios:

- Edición de materiais promocionais do equipo e das súas actividades: políptico da UPD e tríptico da páxina web.
- Información subministrada a través da web de UPD, Arco da Nova e a Revista Landra.
- Participación en foros externos.
- Asistencia a xornadas, congresos e cursos.
- Presentacións públicas de produtos e materiais elaborados polo proxecto.
- Participación no stand da Mancomunidade de Vigo na IV Feira de Formación e Emprego Galiemprego 2003 na que se presentaron todos os traballos que a UPD realiza a través de paneis informativos e produtos multimedia.

Paralelamente, fíxose:

- ⌘ unha presentación de todos os proxectos de escolas obradoiro e obradoiro de emprego que se estaban a executar na provincia de Pontevedra.



- ⌘ un acto, no que estivo presente o Delegado Provincial da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, para dar a coñecer a edición de dúas publicacións: "Guía para entidades promotoras. Unha aposta polos programas de formación e emprego" e "Guía do orientador-xestor. Unha axuda cara a empresabilidade".

Así mesmo, para a participación nesta Feira, a UPD colaborou coa Mancomunidade de Vigo e o concello de Vigo na elaboración dun dossier



informativo sobre todos os proxectos, actividades e produtos relacionados co emprego desenvolvidos por estas entidades ó longo dos anos.

- Envío de diferentes comunicacións ós diferentes axentes que traballan en materia de emprego: técnicos/as e axentes de emprego, UPDs do resto de España, escolas obradoiro e obradoiros de emprego, etc.

### ■ Programación e mantemento de rede informática

Ó longo do proxecto realizáronse diferentes funcións co obxectivo de solventar todas as necesidades informáticas:

- Instalación, xestión e administración da rede e equipos.
- Mantemento do hardware e software, tarefas de subministro e conexións.
- Deseño das diferentes bases de datos empregadas polo proxecto.
- Programación da páxina web de UPD e colaboración coa entidade promotora na modificación da páxina principal da súa web.

### ■ Traballos de delineación, deseño gráfico e cartográfico

- Elaboración de planos, alzados e seccións, así como medicións referidos a instalacións de obras de proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego.
- Deseño e elaboración de cartografía diversa para a súa utilización nos distintos documentos elaborados pola UPD.
- Deseño e maquetación dos diferentes traballos realizados polo equipo.
- Colaboración no deseño de imaxes corporativas e materiais informativos e promocionais.

### ■ Traballos de documentación

- Conservación e arquivado de fondos bibliográficos.
- Catalogación de novas publicacións.
- Elaboración e catalogación de fotografías en formato dixital referidas ó programa de escolas e obradoiros.
- Seguimento e elaboración dun dossier de prensa en temas de interese para os traballos da Unidade.




### ■ Tarefas de apoio administrativo e de secretariado. Apoio xeral ó equipo

Realización de tarefas administrativas e de apoio xeral ó equipo nas súas necesidades operativas:

- Elaboración e seguimento de toda a documentación administrativa necesaria para a xestión do proxecto.
- Seguimento dos procedementos administrativos da xestión de facturas.
- Control dos medios materiais de consumo e oficina.
- Cumprimentación de anexos.
- Busca de información.
- Contactos e atención telefónica con entidades, proxectos, etc.
- Actualización de información e control de bases de datos.



PARTICIPACIÓN DO PERSOAL DA UNIDADE  
EN ACTIVIDADES FORMATIVAS E FOROS




## ■ Asistencia a cursos, xornadas e congresos

- Curso de "Análise empresarial e a idea empresarial" impartido polo IGAPE. Bembrive. Xullo de 2002.
- Xornada "VIII encuentros de desarrollo local y empleo". Culleredo. Novembro de 2002.
- Curso "Avaliación de proxectos empresariais" dentro das accións de formación do programa PRODER II. Santiago de Compostela. Decembro de 2002.
- Xornada "Posta en marcha da rede polo emprego na Área de Vigo". Proxecto Compás (Equal). Vigo. Decembro de 2002.
- Xornada de presentación para configurar un grupo piloto e validar o soporte telemático de xestión da información para a Rede de Técnicos de Emprego. Santiago de Compostela. Decembro de 2002.
- Inauguración do Centro de Iniciativas Empresariais do Consorcio da Zona Franca en Porriño. Xaneiro de 2003.
- Xornada "Comercio de Vigo" organizada pola Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego do concello de Vigo e o SAE Comercio. Xaneiro de 2003.
- Xornadas técnicas de "FranquiAtlántico". Xaneiro de 2003.
- Xornadas "Reforma do desemprego" organizadas pola EGAP e a Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública. Febreiro de 2003.
- Curso a distancia "Inserción sociolaboral para colectivos en risco ou situación de exclusión" impartido por la Universidad de Valencia. Marzo - xuño 2003.
- Seminario "Difusión da cultura emprendedora" organizado polo IGAPE e a CEP. Abril de 2003.
- Xornada da Rede de Técnicos de Emprego organizada pola Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relación Laborais. Maio de 2003.
- Xornada "A formación para a incorporación laboral" organizada polo proxecto Compás (Equal). Maio de 2003.
- Xornada "Fomento do espírito emprendedor" organizada pola UPD de Ourense e Caixagalicia. Maio de 2003.



- Xornadas "Emigrantes, retornados e inmigrantes: evolución das migracións en Galicia e Portugal". Organizadas polo Instituto Universitario de estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA). Xullo de 2003.
- Xornada informativa para emprendedores, "A creación de empresas en Galicia". Organizada polo IGAPE e a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais. Setembro de 2003.
- Seminario "A calidade empresarial: novas formas da xestión dos recursos humanos. Organizado polo proxecto Compás da iniciativa Equal. Outubro de 2003.
- IV Feira de Formación e Emprego. Galiemprego 2003. Novembro 2003.
- Xornadas técnicas de "FranquiAtlántico e SEA". Xaneiro de 2004.
- V xornada da Rede de Técnicos de Emprego organizada pola Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relación Laborais. Marzo de 2004.
- Xornada "As novas tecnoloxías ó servizo da incorporación laboral" organizada polo proxecto Compas (Equal). Marzo de 2004.





**UNIDADE DE PROMOCIÓN  
E DESENVOLVEMENTO**  
MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO



**MANCOMUNIDADE DA ÁREA  
INTERMUNICIPAL DE VIGO**



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS,  
EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS



Fondo Social Europeo